

O sistema vocálico

Como sabes, o alfabeto galego está constituído por vinte e tres letras das cales **cinco** son **vogais** e **dezaioito** son **consoantes**. Estas **vinte e tres letras** representan **vinte e seis sons**, é dicir, no galego hai mais sons que letras. No **sistema vocálico galego** temos que diferenciar **sete sons**, aínda que só existan **cinco letras** para representalos. Fíxate nestes exemplos:

pe (letra do alfabeto) / *pé* (parte do corpo)

Estas dúas palabras escríbense igual, a única diferenza que presentan é o acento gráfico, para marcar que o **e** ten dúas pronunciacións diferentes, que son polo tanto dous fonemas diferentes. Iso fai que o significado das dúas palabras tamén sexa diferente. Observa estoutros exemplos:

oso (animal) / *óso* (cada unha das pezas duras e ríxidas que forman o esqueleto dos vertebrados)

pola (galiña que aínda non pon ovos) / *póla* (rama dunha árbore)

As vogais poden aparecer soas, acompañadas dunha ou máis consoantes ou doutra vogal.

As vogais son todas sonoras. Polo tanto opóñense entre elas soamente por dous trazos: a) punto de articulación, b) Modo de articulación.

		PUNTO DE ARTICULACIÓN		
		Está constituído polo lugar do aparato fonador onde se produce o fonema en cuestión e os órganos que interveñen na súa articulación.		
		palatais (anteriores)	centrais	velares (posteriores)
MODO DE ARTICULACIÓN <i>Determinado pola posición dos órganos articulatorios e a abertura que deixan para a saída do aire no momento da realización do fonema.</i>	pechadas	/i/		/u/
	semipechadas		/e/	/o/
	semiabertas		/E/	/O/
	abertas			/a/

- Existen numerosos pares de palabras que só se diferencian por posuír vogal media semiaberta ou semifechada:

/e/ - /e/:
pega (paxaro) / *pega* (dificultade)
presa (manchea) / *présa* (apuro)
selo (substantivo) / *selo* (verbo)
ten (imperativo) / *ten* (presente)

/o/ - /o/:
bola (de pan) / *bóla* (esfera)
mollo (prebe) / *mollo* (feixe)
podo (podar) / *podo* (poder)
pola (galiña nova) / *póla* (rama)

- Presentan vogal tónica semiaberta:**

- os substantivos rematados en *-el* ou *-ol* e os seus plurais: *anel, aneis, caracol, caracois*.
- os verbos da segunda conxugación con vogal radical *-e-* ou *-o-* que presentan alternancia vocálica, nas persoas 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo: *bebes, bebe, beben, comes, come, comen*.
- os verbos da terceira conxugación con vogal radical *-e-* ou *-u-* que presentan alternancia vocálica nas persoas 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo: *serve, serve, serven, foxe, foxes, foxen*.
- as formas verbais de tema de perfecto irregular: *coubeches, coubera, coubese, couber*.
- os nomes das seguintes letras: *e, efe, ele, eme, ene, eñe, erre, ese, o*.

- Presentan vogal tónica semifechada:**

- os verbos da segunda conxugación con vogal radical *-e-* ou *-o-* que presentan alternancia vocálica, na 1ª persoa do presente de indicativo, no presente de subxuntivo e no imperativo: *bebo, beba, bebas, como, coma, comas*.
- as formas dos verbos da primeira conxugación nos que a vogal *-e-* ou *-o-* vai seguida de *-i-* ou de consoante *x, ch, ll* e *ñ*, e nos verbos rematados en *-ear* ou *-oar*: *deite, axexa, pechas, tellan, empeña, coxean, loita, despexas, acocha, ollan, soñas, voas*.
- as formas verbais de tema de perfecto dos verbos *ser* e *ir*: *fomos, fora, fose, for...*
- as formas de infinitivo: *coller, collermos, pór, pormos...*

- os nomes das seguintes letras: *be, ce, de, gue, pe, te, xe, zeta*.
- a maior parte das palabras rematadas en *-és*: *coruñés, montañés, vigués*.
- as palabras en que *-o-* forma ditongo con *-u-*: *touro, tesouro*.
- os nomes acabados en *-edo* (*medo*), *-ello* (*cortello, agás vello, que é semiaberta*), *-eo* (*feo*), *-eza* (*grandeza*), *-ón* (*corazón*), *-or* (*matador*), *-oso* (*fermoso*).

Ditongo

Cando dúas vogais se pronuncian nun só golpe de voz temos un **ditongo**. Para que isto suceda, unha das dúas vogais ten que ser obrigatoriamente i ou u (vogais febles). Segundo a vogal feble apareza en primeiro ou en segundo lugar falamos de ditongos crecentes ou decrecentes, respectivamente. Se as dúas son febles, é un ditongo homoxéneo. Exemplos: *camión, aguía* (crecentes); *auga, ouro* (decrecente); *fuxiu, cuincar* (homoxéneos).

Tritongo

Recibe o nome de tritongo a combinación de tres vogais (a primeira e a última fechadas, e a interior, aberta ou media) nunha mesma sílaba. Exemplos: *industriais, usuais*.

Hiato

É o encontro de dúas vogais que pertencen a sílabas diferentes e está formado por dúas vogais abertas ou medias (*caer, feo*) e tamén por unha aberta ou media e unha fechada tónica (*caída, peúgo*) ou viceversa (*actúo, día*), ou dúas vogais fechadas e a segunda é tónica: *ruído, muiño* (excepción: *acuífero, lingüístico, triunfo*)

FENÓMENOS VOCÁLICOS FRECUENTES NA LINGUA ORAL:

- **Aférese**: Perda dunha vogal ao principio da palabra (*inda, topar... por aínda e atopar...*).
- **Síncope**: Perda da vogal no medio da palabra (*espranza, vran, pra... por esperanza, verán, para...*).
- **Prótese**: Engadir unha vogal ao principio da palabra (*abidueiro, arradio, arremedar... por bidueiro, radio, remedar...*).
- **Epéntese**: Intercalación dun i entre dúas vogais que forman hiato (*a iauga, a ialma, comeraio... por a auga, a alma, comerao...*).
- **Paragoxe**: Aparición dunha vogal ao final da palabra. (*mullere, fácil, corazonhe... por muller, fácil, corazón...*).

ACTIVIDADES:

1. Distingue se a vogal tónica é semiaberta ou semifechada.

sela (asento)	sela (poñer selo)	corte (real, cortar)	corte (animais)
ceo (parte superior)	ceo (cear)	bordo (marxe, beira)	bordo (bordar)
sen (tempa)	sen (carente de)	bote (barca)	bote(botar)
moco (pau)	moco (mucosidade)	oca (baleira)	oca(xogo)
ola (saúdo)	ola (recipiente)	verme (animal)	verme (ver +me)
torta (doce)	torta (curva)	peto (petar)	peto (dos aforros)

2. Pronuncia correctamente e indica a abertura de /e/ e de /o/ nas seguintes frases:

- Pouca présa deben ter cando seguen aquí.
- Non podo terme de pé.
- Ten coidado, non o molles no rego.
- O peso neto que leva o camiión non chega a douscentos quilos.
- Quero que fechen esta porta.
- Os caracois por aquí case ninguén os come.
- Soño moitas veces con tesouros.
- Tivemos medo e non soubemos que facer.
- Nunca ceo antes das dez.
- Fixemos un barco de papel.
- Tes todo o mes para facelo.
- Non sei como soportas ese fedor.

Modo de art. ↓ Punto de art. →		BILABIAL	LABIODENTAL	DENTAL	INTERDENTAL	ALVEOLAR	PALATAL	VELAR
Oclusivas	sonoras	/b/		/d/				/g/
	xordas	/p/		/t/				/k/
Fricativa	xordas		/f/		/θ/	/s/	/ʃ/	
Africada	xorda						/tʃ/	
Nasal	sonoras	/m/				/n/	/ɲ/	/ŋ/
Lateral	sonoras					/l/	/ʎ/	
Vibrante (sonora)	simple					/r/		
	múltiple					/r̄/		

/b/: oclusiva, bilabial, sonora. Grafemas *b, v*

/d/: oclusiva, dental, sonora.

/g/: oclusiva, velar, sonora. Grafemas: *g (+a,o,u)*, *gu (+e,i)*. Gheada dialectal.

/p/: oclusiva, bilabial, xorda.

/t/: oclusiva, dental, xorda.

/k/: oclusiva, velar, xorda. Grafemas: *c (+a,o, o)*, *qu (+e,i)*, *k* (abrev. e estranxei.).

/f/: fricativa, labiodental, xorda.

/θ/: fricativa, interdental, xorda. Grafemas: *z (final, +a,o,u)*, *c (+e,i)*. Seseo dialectal.

/s/: fricativa, alveolar, xorda.

/ʃ/: fricativa, palatal, xorda. Grafema *x*.

/tʃ/: africada, palatal, xorda. Grafema *ch*.

/m/: nasal, bilabial, sonora.

/n/: nasal, alveolar, sonora.

/ɲ/: nasal, palatal, sonora. Grafema *ñ*.

/ŋ/: nasal, velar, sonora. Grafema *nh*.

/l/: lateral, alveolar, sonora.

/ʎ/: lateral, palatal, sonora. Grafema *ll* (moi escasa nos falantes).

/r/: vibrante simple, alveolar.

/r̄/: vibrante múltiple, alveolar. Grafema *r* (inicial, despois de *n,s,l*) ou *rr*.

Regra mnemotécnica (para axudarche a distinguir os trazos distintivos)

OCCLUSIVAS: **petaca/ bodega**

FRICATIVAS: **xefazos**

ALVEOLARES: **sinalarr**

XORDAS: petaca/xefazos/ africada. As demais son todas sonoras

Exercicio 5. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *serio, cómico, retórico, chinés, teren, mulleres, persoa*. (Subliñadas no texto) [1 punto] ABAU 2019/XUÑO/Opción B

ABAU 2019/XULLO/Opción B. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *agora, outono, ben, eterno, só, todo, ninguén, podemos, recendo, amor*.

ABAU SETEMBRO 2016/Opción A. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *galego, facer, grelos, pobo, mesmo, morriñosa*.

XUÑO 2015/Opción B. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto]: *meses, guerra, é, todo, réxime, escoller, vense, sofre, atómica, décadas*.

SETEMBRO 2015/ Opción B. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *debes, agora, moderno, moda, teléfono, móvil*.

SETEMBRO 2014/ Opción B. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *costa, esteiro, xenérico, rochosos, recubertos, colonias*.

XUÑO 2012/Opción A. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *tes, pelo (subst.), recordo, ve, cedo*.

XUÑO 2010/ Opción 1. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *órganos, asceta, abondo, besta, perfecto, mérito*.

SETEMBRO 2010/Opción B. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *guerra, enérxica, doloroso, baioneta, fe, home*.

XUÑO 2009/Opción 1. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *miseria, logo, mor, facer, incerteza*

SETEMBRO 2009/ Opción 1. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *vez, tamén, pobreza, pobres, noxo*.

XUÑO 2008/ Opción 1. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *era, facelo, xerme, terror, concello, sen (preposición)*

🔊 SETEMBRO 2008/ Opción 2. Define os fonemas consonánticos que atopas nas seguintes palabras (1 punto) *fixo, prezo*.

XUÑO 2007/ Opción 1. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *detelo, tamén, feroz, aquel, home*.

🔊 XUÑO 2006/ Opción 1. Define os fonemas consonánticos que atopas nas seguintes palabras (1 punto): *bebo, lume, xerme*.

🔊 SETEMBRO 2006/ Opción 1: Define os fonemas consonánticos que atopas nas seguintes palabras. (1 punto). *xente, vez*.

🔊 XUÑO 2005/ Opción 1: Define os fonemas vocálicos das seguintes palabras (1 punto). *guerra, flor, homes*.

SETEMBRO 2005/ Opción 1: Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *mozo, home, extremos, pelo, metera*.

XUÑO 2004/ Opción 1: Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *toda, estas, propósito, teléfono, técnica, certeza, precioso, eles, superfluo, home.*

🕒 SETEMBRO 2004/Opción B. Define os fonemas que aparecen en: *coche, quen, dixo* (1 punto)

🕒 SETEMBRO 2003/ Opción 1. Define os fonemas consonánticos de: *axuste, talle, chourizos* (1 punto)

SETEMBRO 2002/ Opción 1. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *sempre, só, sorte, aquel.*

XUÑO 2001/Opción 2. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: [1 punto] *quero, cousa, es, só, aprobatoria, eterno, ben, Eva, persoa, foron.*

PARA VER: Ben falado: Sete vogais do galego

PARA CONSULTAR: cotovia.org. Fonética e fonoloxía do galego